

## **PROGRAMA DE ATENCIÓN A VISITAS NO COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DE SOGAMA EN CERCEDA (A CORUÑA)**

### **Obxectivos**

Os obxectivos do programa de atención ás visitas son:

- Contribuír a incrementar os niveis de coñecemento real de SOGAMA por parte da cidadanía.
- Orientar aos visitantes cara actitudes persoais máis positivas no referente á xestión dos residuos urbanos, fomentando a cultura da sostibilidade e, en concreto, dos tres erres (Redución, Reutilización e Reciclaxe).
- Sensibilizar e motivar á poboación para a súa participación activa na separación en orixe do lixo.
- Difundir boas prácticas que poden manter os cidadáns en diversos ámbitos e espazos vitais referentes ao consumo responsable, a minimización de residuos, a reutilización dos obxectos, a equidade social...
- Contribuír a aumentar os coñecementos técnicos dos visitantes sobre as instalacións de SOGAMA e, en especial, do Complexo Medioambiental de Cerceda.

### **Destinatarios**

O programa de visitas está orientado a atender a grupos de persoas interesadas en coñecer a actividade e instalacións de SOGAMA, a partires de 9 anos.

A tipoloxía da visita establécese en función do perfil do grupo de visitantes e deriva nunha adaptación da metodoloxía, dos contidos e do alcance das instalacións a visitar. Os tipos de visitas son:

<b>Educativas:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>» Escolares de Educación Primaria (&gt;9 anos)</li><li>» Escolares de Educación Secundaria</li></ul>
<b>Sociais:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>» Colectivos veciñais, de amas de casa, culturais e sociais</li><li>» Estudantes de ciclos formativos non técnicos</li></ul>
<b>Técnicas:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>» Estudantes de bacharelato</li><li>» Estudantes de ciclos formativos de perfil técnico</li><li>» Estudantes universitarios e de posgrao</li><li>» Técnicos da administración pública</li><li>» Profesionais</li><li>» Delegacións estranxeiras</li></ul>

### **Metodoloxía**

A metodoloxía empregada na atención ás visitas comprende:

- Detección de ideas e coñecementos previos, aclarando conceptos básicos.
- Exposición dinámica de información e datos sobre as instalacións e a súa funcionalidade.
- Reforzo gráfico e audiovisual das ideas, conceptos e datos transmitidos.
- Interacción – participación activa dos asistentes, a través de preguntas e suxestións.
- Observación in situ da actividade das instalacións.
- Reforzo de ideas clave.

## Programa da visita

### 1. Recepción da visita e presentación [15']

Recepción da visita. Presentación dos educadores. Explicación do programa da visita. Indicación dos fluxos de residuos urbanos recibidos no complexo e dos concellos de procedencia. Identificación, sobre a maqueta situada na área de recepción do edificio de oficinas, das distintas instalacións e a súa funcionalidade.

### 2. Exposición de contidos no salón de actos [45']

Revisión dos principais conceptos relacionados coa xestión do lixo. Prioridades na xestión. Pautas de clasificación e depósito correcto dos residuos urbanos. Funcionalidade de cada instalación.

### 3. Visita guiada ás instalacións [45-75']

Explicación das normas de seguridade. Entrega dos elementos de protección individual. Percorrido polas instalacións, segundo o definido para cada perfil. *\* O percorrido e as instalacións a visitar a pé poden ser modificadas en función de criterios de operatividade do complexo, adversidades climatolóxicas e outras eventualidades.*

Instalacións visitadas a pé	Visita educativa	Visita social	Visita técnica
Planta de clasificación de bolsa amarela	X	X	X
Zona de recepción de bolsa negra	X	X	X
Secadoiros e separación de inertes	---	X	X
Almacén do combustible derivado de residuos	---	X	X
Planta termoeléctrica	---	---	X

### 4. Aclaracións e despedida [15']

Devolución dos elementos de protección individual. Aclaración de dúbidas. Resumo de ideas transmitidas. Códigos para cumprimentar as enquisas de valoración da visita. Entrega de material divulgativo e de merchandising. Despedida.

Tempos da visita	Visita educativa	Visita social	Visita técnica
Tipo de percorrido	Autobús	A pé	A pé
Duración aproximada do percorrido (en minutos)	45'	60'	75'
Duración total da visita (en minutos)	120'	135'	150'